



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Corrección de erros nas Bases específicas para a elaboración dunha bolsa de emprego temporal de Educador/a Social durante o 2023

Por Resolución de Alcaldía 557/2023, do 29 de marzo de 2023, corríxese a Resolución de Alcaldía 536/2023 que aprobou as bases específicas para elaborar bolsa de emprego de Educador/a Social con carácter interino para postos de persoal funcionario e laboral do Concello de Sada, durante o ano 2023.

As ditas bases conteñen o seguinte erro no punto nº 6 TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA que se transcriben literalmente e que é preciso corrixir:

“- Estar en posesión do Título de Grao universitario ou diplomatura universitaria en Educación social, diplomatura en traballo social ou outro título equivalente de conformidade coa normativa de aplicación. As equivalencias deberán acreditarse mediante certificado da Administración competente (no caso de comunitarios ou estranxeiros a titulación haberá de estar convalidada polo Órgano competente).”

Debendo dicir:

“Estar en posesión de Grao universitario ou diplomatura universitaria en Educación Social ou equivalente. Ou posuír outra titulación universitaria e estar habilitado/a polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia para o exercicio da profesión en Galicia consonte ao disposto na Lei 1/2001, do 22 de xaneiro, de Creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia (no caso de comunitarios ou estranxeiros a titulación haberá de estar convalidada polo Órgano competente)”.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 29 de marzo de 2023

A Alcaldesa

María Nogareda Marzoa

2023/2331